

Arximiro Rico, luz dos humildes

Xosé Manuel Sarille

A actividade profesional de Arximiro Rico Trabada, (co seu nome aquí galeguizado), impressiona polos resultados, pola paixón coa que se entregou ao labor do maxisterio. Demóstrano o número de mestres e bachareles formados na súa escola, e o alto nivel de instrución das xentes que aprenderon con el. Todo isto está indagado por Narciso de Gabriel, e explicado no excelente traballo ao que acompaña este artigo.

O labor e as inxedanzas do mestre eran moitas, ían máis alá da aula. Pretendía levar o saber á rúa, ou mellor dito, ás corredoiras. Por elas circulou o grupo de teatro do San Bernabé, formado por actores afeizoados, da aldea, inspirados nas ideas de Arximiro e dirixidos polo seu irmán Gumersindo e por Xosé Ramón, curmán de ambos. Representaban en festas, actos de carácter cultural e datas especiais, como o primeiro de maio, catorce de abril, etc. Unha das obras chamábase "Bodas de Ouro". O título lémbra-nos a "Bodas de Sangre", o coñecido drama de Federico García Lorca. Tamén ecoa Lorca na trashumancia da compañía, ao xeito de "La Barraca". Empeñábanse uns e outros en levar o teatro ás capas populares da poboación, que eran todas naquelas terras. "A nosa acción que tende a desenvolverse nas capitais, onde é máis necesaria a acción renovadora, tende tamén á difusión do teatro nas masas campesiñas, que se viron privadas desde tempos lonxanos do espectáculo teatral", este é un dos propósitos principais de "La Barraca", tal como aparece no Manifesto do grupo. Tal vez servise de modelo para o grupo dos irmáns Rico.

Gumersindo indícanos que o autor de "Bodas de Ouro" era un coruñés, do que descoñecemos o nome. O texto está perdido. Representaron varias obras máis, todas en lingua galega. Este dato é importante porque nos amosa un xeito de entender o feito diferencial galego, e tamén porque se pode aprezoar unha conexión coa visión que ten Manuel Portela Valladares de Galiza e da súa cultura. Portela é sen dúbida o dirixente político máis aprezoado polo mes-

tre, que se define como portelista, según lle ten comentado e escrito Gumersindo a Manuel Sarille. Arximiro era un observador atento e un colaborador entusiasta doutras experiencias que se levaron a cabo arredor do seu lugar de traballo. Interesábase pola dinamización da cultura e da sociedade, que diríamos hoxe.

As súas bases ideolóxicas e sobre todo a súa ubicación política resultan un tanto difíciles de percibir desde o tempo presente, porque se perden no labirinto político da Segunda República, na maraña de partidos e na impronta de determinados dirixentes, como o propio Portela, Manuel Azaña e de algún xeito tamén Santiago Casares Quiroga. Podemos intuir eses fundamentos no seu labor e seguilos a través das testemuñas doutras persoas.

Pero antes de nada cómpre situármonos xeográficamente e comentar outras cousas: Arximiro poñía escola na parroquia do San Bernabé, no concello lugués de Baleira, a corenta kilómetros da capital; limita coa Fonsagrada polo leste e con Castroverde, máis perto da cidade, polo oeste. É toda ela unha terra de montaña na que, como é sabido, as relacións non se estabelecían necesariamente a través das principais vías de comunicación; de feito os frecuentes contactos entre Arximiro e as xentes de Montecubeiro -unha parroquia de Castroverde- facíanse atravesando a serra da Ferradura nun sentido ou noutro. A vida de Arximiro estivo estreitamente vinculada a esta parroquia, até o punto de que o seu asasinato é un máis na matanza que leva a cabo a garda civil e a falanxe en Montecubeiro nos meses de agosto e setembro do ano trinta e sete.

Montecubeiro tiña uns mil habitantes. Coa proclamación da Segunda República, os labregos fundaron a Unión de Labradores, unha sociedade de carácter republicano e anticaciquil, con fins recreativos, culturais e cívicos, liderada por Bonifacio Sarille. Poucos meses despois organizaron o Sindicato Republicano de Castroverde, do que foi presidente Constantino Dorado, e Bonifacio secretario. As dúas sociedades se enfrontaban aos poderosos do municipio, que nos anos seguintes se agruparon na CEDA, ás ordes de José Benito Pardo, o influínte avogado lugués. O principal membro da dereita local era Sánchez Andrade, maxistrado e presidente da Audiencia de Lugo, con casa aberta nunha aldea de Castroverde. As sociedades comezan unha xeira intensa, combinando actividades culturais con iniciativas de cooperativa agrícola (merca de sementes, xestión na venda de gando, mellora xenética da cabana...), converténdose tamén en lugares de decisión política dentro das parroquias e indirectamente en plataformas para acudir ás citas electorais. Dende elas esixíanselles aos representantes públicos, municipais ou provinciais, as melloras correspondentes para o seu entorno. En Montecubeiro adquiriron unha casa para sé da sociedade, organizaron unha biblioteca con empréstito máis ou menos regulado, e representaban de feito á parroquia

ante calquera instancia.

Aínda que a actividade política discorre acarón da FRG e Orga -despois será Izquierda Republicana-, non temos constancia de que estas sociedades se adherisen a ningún partido. Iso ocorre con outras da provincia, como a Organización Republicana Agraria de Vilalba, que se afilia á Orga, según afirma Carlos Velasco Souto no seu estudo sobre este partido. Se as actividades de partidos e asociacións non parecen mesturarse organicamente, resulta evidente a íntima relación entre elas, así como o desdoblamento de actividades dos seus principais membros. Entre os obxectos da Unión de Labradores que enterrou Manuel Sarille ao comezo da guerra, e aqueles outros que aínda posúe, hai libros de carácter formativo, hixiene, medicina, agricultura, literatura; pero tamén un selo de Izquierda Republicana que conserva na súa casa, usado sen dúbida no local da Unión; unha pistola co percutor roto (un dos símbolos da época, non o percutor roto, senon a pistola); revistas, etc..

En Baleira o poder caciquil non parece menor. Destaca durante a guerra a familia Portela, sobre todo Manuel, avogado e falanxista, que acadou un grande protagonismo na persecución dos republicanos lugueses durante o ano trinta e seis; despois será alcalde de Lugo na inmediata postguerra. Pero os problemas de Arximiro están máis relacionados co crego de San Martín, un irmán de Manuel, que observa como na escola aparece un foco de luz -que dirían os republicanos da época- irradia sobre as xentes, funde as tebras, esperta as consciencias e fai desaparecer a ignorancia.

En ámbolos dous lugares, Montecubeiro e San Bernabé, prodúcese un serio cuestionamento e un certo esmorecemento dos conductos caciquís tradicionais. A autoridade eclesiástica, ademais, perde influencia, coa emerxencia dos novos líderes, portadores de valores moi diferentes. Unha substitución que se acelerou nos últimos anos da República e que alarmaba aos grupos dominantes.

Convén resaltar as semellanzas entre Arximiro e Bonifacio. Recoñécense na amplitude de miras e nas ansias de cambiar a sociedade. O que nun é sólida formación académica, útil para transmitir aos demais, no outro é experiencia mundana acumulada durante moitos anos de emigración, en academias nocturnas da Habana e na intensa participación na rede societaria galega da Arxentina. Bonifacio, que se define tamén como portelista, amplía a súa actividade ao ámbito político, sendo concelleiro en Castroverde nos primeiros comicios republicanos. Presentouse como independente nas listas do Partido Republicano Gallego, xerme da Orga. Despois, no Bienio Negro, verá rebaixada a súa proxección política porque a Orga queda sen representación municipal. Arximiro non ten actuación política por elección popular.

A fama de ambos converteuse en lenda, en memoria popular que pervive aínda hoxe. A enorme valía do mestre, combinada coa máis terríbel das mortes, forxou a de Arximiro. A aura de Boni vén do seu liderazgo, e de meter en cintura a caciques e poderosos, obrigándolles por primeira vez a pagarlle á administración local os impostos correspondentes. E de ser un valente e astuto fuxitivo: sometérono a unha implacábel persecución que comeza en Montecubeiro e remata cando o repatrían en barco desde Lisboa para Bos Aires. Antes pasara por Ourense, Vigo, o consulado arxentino de Astorga, que lle expide pasaporte e a Casa do Caudillo en Salamanca, onde logra dos asesores nazis de Franco un pase de fronteiras. Mentres durou a fuga, o rumor foi permanente; víranos na feira de Castroverde, sabían que marchara para a Arxentina nun transatlántico metido nun bocoi, organizaba a un grupo de agachados, matara falanxistas.

Ademais da simpatía mútua e da amizade, parece haber complicidade entre eles durante o período republicano, froito sen dúbida de moitos contactos e charlas. Seguramente por iso estexan nas mesmas opcións políticas, ás veces verdadeiramente alambicadas, como estamos vendo.

Carballos solitarios

Como "un vello carballo solitario" se define a si mesmo Manuel Portela Valladares. Así o recolle José Antonio Durán nos seus traballos sobre o estadista pontevedrés, un par de sabrosos libros que saben a pouco e piden por máis. Portela é un personaxe moi pouco estudado a pesar de resultar enormemente seductor e moi controvertido. Nos últimos decenios da Restauración navega con auténtica pericia na ala máis á esquerda do Partido Liberal. Durante a Segunda República é un protagonista atípico e lucidísimo; desde o trinta e un ao trinta e seis foi home de Estado, ministro e xefe de goberno sen ter partido, agás un experimento centrista fracasado. Non se debe equiparar a idea de centro político que se manexa na actualidade coa da época. Cando se fala de centro en Portela Valladares descríbese unha opción liberal, demócrata, artellada sobre o librepensamento, anticlerical, agrarista e antiforrista. Sensíbel ao problema nacional galego tamén, á "causa de Galiza" que dicía el, "Galiza, dona de si e no camiño de realizar o seu destino". Portela era propietario de "El Pueblo Gallego", un xornal de calidade, xeralmente ao servizo dos galeguistas e un dos peares do "si" na campaña para a aprobación do Estatuto. Esta alianza cos galeguistas recoñécese mal, ou con pouco entusiasmo, porque Portela era un autonomista activo e convencido e tamén españolista, ou sexa, un home complexo que estropea os discursos simples. Como Vilar Ponte, por certo, que tampouco entra na elementalidade de ningún catecismo, de ningún discurso históri-

co que busque confirmar interpretacións do presente previamente elaboradas.

Portela tiña credibilidade en Galiza e Cataluña, nos ámbitos nacionalistas e republicanos, nos burgueses e mesmo nos proletarios. En moitos momentos recoñéceno como un interesante e positivo compañeiro de viaxe. Por poñer un exemplo puramente ilustrativo, o Noi del Sucre, destacado dirixente do sindicalismo anarquista catalán, preso no castelo menorquín da Mola, suxire a Portela como gobernador de Barcelona, nun acto dirixido a acabar co pistoleirismo e o terrorismo gubernamental na cidade.

Se me extendo na descripción ideolóxica de Portela é porque ao mesmo tempo aparece o ideario de Bonifacio e de Arximiro Rico Trabada, salvando as distancias, as dimensións e as diferencias de idades, que son grandes; Portela é trinta anos maior ca eles.

O poder civil

Hai en Portela, por riba de todo o dito, unha característica, unha clave ideolóxica que resulta definitoria del mesmo e dos nosos homes: a profundísima convicción de que o poder civil ten que predominar sobre calquera outro, sobre os vellos poderes e o autoritarismo, predominante no proxecto de sociedade de tantos partidos. O principio insobornábel da primacía do poder civil, que Portela practica sen ambigüidade e no que Boni e Arximiro militan, dándolle prioridade antes que a outros intereses. Militan no grande sostén da democracia, alén das conviccións particulares.

Por iso Arximiro non permite o ensino da relixión nas súas aulas nin a inspección escolar dos cregos, e sen embargo, practica as súas crenzas relixiosas, tal como indica De Gabriel. Leva aos nenos á misa fóra de horas de aulas, e entrega catecismos para que os pícaros os estuden na casa.

Por iso mesmo o ateo Bonifacio Sarille e a sociedade que preside, median e intentan que o crego da parroquia non marche por mor dun pequeno incidente; e cando marcha, encabeza unha representación que vai falar co bispo na procura de novo crego. A razón consiste en que unha parroquia con tantos crentes non pode estar desasistida.

Pero este grande principio debuxa tamén a liña de fractura social, e en consecuencia o enfrontamento, o comezo da traxedia, porque conleva unha grande esixencia: é o único principio incuestionábel, e han de practicalo todos os poderes, todos os grupos de presión, de esquerdas e dereitas, temporais e espirituais. Nas pequenas aldeas son as redes caciquís e a Igrexa Católica as que deben estar dispostas a perder poder se así o esixe a maioría.

Postúlase por tanto outro mundo, unha sociedade nova que abandonaría as crenzas do antigo réxime e construíría as bases da modernidade (se esta palabra quixo dicir algunha vez algo).

Eles non buscan a fractura, pero non era un lugar calquera o que establecía o laicismo e a separación da Igrexa e o Estado como principio. Diante tiñan un clero ultramontano, unha xerarquía que cría posuir a verdade absoluta e trataba, en consecuencia, e naturalmente, de impoñela.

Tampouco era calquera sitio o que establecía que o poder non emana de Deus senon do pobo, e que por iso é o pobo o que decide, ordena, represéntase e pode desaloxar á vella oligarquía dos centros de decisión. A reacción fronte á democracia, o integrista fronte á libre expresión e o voto, son os principais lugares de desencontro, polo menos nos territorios rurais e máis atrasados, como Galiza. É posíbel que esta mesma análise non sirva de aplícamola a zonas desenvoltas, industrializadas, ou sirva menos, e se solape por baixo dos grandes conflitos económicos, do antagonismo de clases e das dúas cuestións nacionais con dimensión de problema de estado.

A experiencia fonsagrada

En mil novecentos cinco, Portela Valladares saíu elixido deputado polo distrito da Fonsagrada. Isto na Restauración implicaba coller fama e poder de cacique, por ter bando propio e territorio fiel. Case sempre era así, pero neste caso aparecen moitas características atípicas. A familia Peñamaría, coa que Bonifacio mantén contactos, e Arximiro seguramente tamén, é a vixiante do feudo portelista. Portela combina a súa actividade de agrarista antiforista co mantemento da fidelidade electoral da Fonsagrada. Durán di que criou un distrito á súa medida, cun xeito peculiar de entender a política local en territorio agrario. Buscou a modernización das relacións sociais, económicas, políticas e culturais que rexían a paisaxe social galega de aqueles anos; a política dun agrarista activo e desconcertante. Hai loita agraria na Fonsagrada, a vila pioneira do agrarismo na provincia de Lugo. Portela introduce alí as súas experiencias, os seus criterios de antiforista redencionista primeiro e abolicionista despois, adquiridas no Directorio de Teis e en Acción Gallega. Todo isto marca a vida do distrito da Fonsagrada, e tampouco se pode despachar coa simpleza de que é un cacique clásico.

Esta política irradia no entorno, inspira outras actividades, como as da Unión de Montecubeiro e do Sindicato Republicano de Castroverde. Aparecen simpatizantes, militan-

tes sen partido que conectarán con Portela. Ocorre que o portelismo ideolóxico de Arximiro e Bonifacio non chega a materializarse politicamente. Portela, nun determinado momento síntese tentado a crear un partido de carácter agrario desde Galiza, pero non o organiza. Tal vez Arximiro arelase unha organización de centro, con esas características e con outras de fondo calado cívico e amplas reformas sociais. Sen querer facer ucronía histórica, pódese pensar que así sería esa organización, incorporando os demais principios do seu líder.

Os carballos solitarios de Montecubeiro e San Bernabé agardan e teñen devoción polo pontevedrés, que a pesar de anunciar algunha vez o salto, nunca chega a arrincar, "aínda non é tempo, andar de curuxa e agardar o tempo de voar como falcón poderoso", dicía citando a un clérigo. En 1935, Bonifacio e Arximiro deciden integrarse en Izquierda Republicana, a organización máis cercana ao ideario, ou á práctica portelista. Como se antes tivesen reparos en organizarse ás ordes de Casares Quiroga e agora se integrasen satisfactoriamente tendo a Azaña de líder. O propio Portela concurrira antes, como independente, ás constituintes republicanas nas listas da FRG, da Orga na práctica, pola provincia de Lugo. Poida tamén que a decisión non sexa a de dous amigos, e que os círculos portelistas valorasen como positiva a militancia no novo partido.

A persecucion

En Galiza, territorio da retagarda franquista, sófrefe a represión e o asasinato sistematizados ao longo de todo o ano trinta e seis. Na zona de Castroverde, Pol e Baleira, perpetráronse crimes, pero pode dicirse que libráronse da represión ampla e sistematizada. Abundan os fuxidos e os desertores, sen embargo o derramamento de sangue non alcanza a dimensión posterior, do ano trinta e sete.

Esta matanza é a consecuencia dun desafortunado acontecemento. En Maceda, un lugar de Montecubeiro, agachábanse catro antifranquistas. Castro Tellado, dirixente do PSOE de Pol e máis tarde xefe da Federación de Guerrillas na provincia de Lugo. Palmeiro, alférez de complemento da Lexión, que desertara, uníndose ao grupo con armas. E dous fuxidos máis. A pouca discreción alertou aos falanxistas e á garda civil. Unha noite chegou un amplo grupo á casa de Maceda. Foron recibidos con ráfagas de metralleta e morreron alí un suboficial e un garda; os outros trinta fuxiron pola veiga abaixo. A reacción foi inmediata; a xefatura da garda civil de Lugo enviou á aldea unha columna de gardas civís acompañada por case douscentos falanxistas que peitearon a aldea, rexistraron domicilios e queimaron os montes, na busca dos membros do grupo, pero sobre todo na de Castro Tellado e Bonifacio, que vivía

xa fuxido, e non se relacionaba cos de Maceda. Comezan os crimes, matan, escancean o sangue, lentamente, día a día. A maioría dos mortos non ten nada que ver co enfrontamento, nin vinculación política ningunha. A ocupación convértese nunha vinganza e sobre todo nun festín de sangue, pois na maioría dos casos non hai siquera vellas contas persoais pendentes, tan frecuentes nos paseos da Falanxe.

Obsesiónanse e humíllanse ao non dar cazado a Bonifacio. Matan indiscriminadamente para que se entregue, violan, torturan, estran o territorio de Montecubeiro de cadáveres e estenden a represión ao concello limítrofe. É neste contexto, nestes mesmos días de finais de agosto e principios de setembro, cando se produce a terríbel morte de Arximiro, o mestre amigo de Montecubeiro. E mátan o un de setembro, no cume, na rompente da serra, entre Baleira e Montecubeiro, nun lugar seguramente pensado con anterioridade para o crime. Despois, aos dous ou tres días, avisaron a Manuel Trabada Pérez, un falanxista de Montecubeiro, para que fose buscar o cadáver do mestre. Trabada transportouno como puido até a igrexa de Montecubeiro, onde Afonso, o enterrador, lle deu sepultura acarándos outros asasinados. O mesmo Trabada foi despois a recoller a Gumersindo, irmán de Arximiro e desertor, ao seu escondite, presentouno en Lugo e salvoulle a vida.

Aínda nese mes, sen que se saiba a data exacta, Valero, xefe da Falanxe do Cádavo, atopa de casualidade e detén a sete desertores da fronte de Asturias. Nunha reunión da falanxe de Baleira tómase a decisión de asinalos. A cinco deles paséanos xuntos (mátanos), cerca de Retizós. Aos outros dous levaranos máis tarde a Pena, un lugar de Montecubeiro. ¿De que se trataba?. A partir dun determinado momento non abonda con deixar tirados nos camiños aos mortos da aldea, lévanse outros de fóra para engadir terror ao terror e forzar a entrega de Bonifacio. Preténdese que a lección sexa completa, que os cadáveres agromen nos lugares máis inesperados, que aparezan en calquera sitio. Con isto non se quere dicir que non houbera odios contra Arximiro na súa parroquia, ao contrario, tal vez sexa ese odio o que provoque a súa morte bestial, facéndose coincidir cos crimes de Montecubeiro. Así o explica Gumersindo Rico Trabada nunha carta enviada a Manuel Sarille en outubro de 1996 e traducida para este artigo:

Querido amigo:

Como lle prometín na súa amábel chamada telefónica, que moi sinceramente lle agradezo, hoxe envíolle unha copia do retrato que teño do meu moi querido irmán Arximiro.

A orde do asasinato do meu irmán partiu directamente do Bispado, a petición de ben se supón que persoas.

A última vez que vin ao meu irmán díxome: "Sentenciáronme a morte por ter ensinado a

ler a unha aldea" e asimesmo o comprobaron os feitos.

A actuación educativa do meu irmán supuña daquela un feito de suma gravidade, posto que dende 1.931 a 1.936 saíran das súas aulas seis mestres e outros seis bachareles. E isto na dictadura franquista supuña un grave delito, cando ante a "Santa Igrexa" se trataba de poñer freo a toda clase de avance cultural que non fose o que eles programaran non para o avance, senon para o retroceso, que a pesar de todo e coa súa estreita vixilancia inquisitorial non puideron conseguir nin dentro das súas propias filas, xa que nos países circundantes moi pronto comezaron a correr os ventos noutras direccións.

Eu tamén fun perseguido e tiven que saír correndo e mirando cara atrás, indo vivir a outras cidades.

E despídome cunha aberta moi cordial

Gumersindo Rico Trabada.

A recente morte de Gumersindo impídenos coñecer os datos cos que contaba para afirmar a implicación do bispado de Lugo na morte do seu irmán. Nós non temos constancia desa posíbel complicidade. Por outra banda, está moi pouco estudada a relación da xerarquía eclesiástica católica cos sublevados en Galiza, ou polo menos nós non coñecemos traballos sistemáticos sobre a cuestión. Ignoramos, por tanto, a dimensión desa complicidade. Contamos sen embargo con documentos xudiciais do bando franquista que acreditan o uso do seminario de Lugo como centro de detención masiva en mil novecentos trinta e seis, un uso que contou co beneplácito do bispado, ou cando menos co consentimento.